

1. O reino animal agrupou seres vivos coas seguintes características:

Característica	
Tipo de células	
Número de células	
Nutrición	

2. Responde V (verdadeiro) ou F (falso):

Coñecemos menos dun 20% das especies que existen

Existen máis especies de vertebrados que de invertebrados

Os insectos son o grupo máis numeroso dentro dos invertebrados

Os invertebrados non teñen fotorreceptores

Os organismos heterótrofos fabrican os seus propios nutrimentos

Os organismos autótrofos fabrican materia simple dende materia complexa

O coello non posúe incisivos na súa dentadura, utiliza os colmillos

Os invertebrados posúen células nerviosas, nun sistema nervioso máis rudimentario que o dos vertebrados

No mundo animal non existe a reprodución asexual

3. Elixe a opción correcta (marca cun X)

Fases do proceso de nutrición:

- Absorción→ trituración→ excreción→ dixestión química
- Trituración→ dixestión química → absorción → excreción
- Trituración→ absorción→ excreción→ dixestión química

A espirotrompa é típica de

- Bolboretas
- Coellos
- Caracois

A rádula é típica de

- Bolboretas
- Coellos
- Caracois

Insecta zumes dixestivos na súa presa

- Serpe
- Araña
- Caracol

Aliméntanse de cadáveres

- Fruxívoros
- Preeiros
- Tétricos

Típico da reprodución asexual

- Nacen individuos idénticos (clons)
- Nacen individuos similares

Células na reprodución sexual

- Gametos
- Gepetos
- Cnidocitos

Simetría dunha bolboreta

- Radial
- Bilateral
- Non ten simetría

Simetría dunha estrela de mar

- Radial
- Bilateral
- Non ten simetría

Simetría dunha esponxa

- Radial
- Bilateral
- Non ten simetría

4. Que animais recoñeces?



Ourizo de mar-Ameixas-Caramuxos-Lombriz de terra-Polvo-Coral-Esponxa-Saltón-Lesma,-Estrela de mar-Percebes.

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.
- 10.
- 11.
- 12.

Isto xa para nota 😊

Serías quen de asignar a cada animal ó seu grupo? (une con frechas)

- | | |
|-----|-----------------------------|
| 1. | Equinodermo |
| 2. | Artrópodos-crustáceos |
| 3. | Molusco gasterópodo |
| 4. | Moluscos gasterópodos |
| 5. | Artrópodo-insecto-ortóptero |
| 6. | Porífero |
| 7. | Cnidario |
| 8. | Molusco cefalópodo |
| 9. | Anélidos |
| 10. | Artrópodo-crustáceo |
| 11. | Moluscos gasterópodos |
| 12. | Equinodermo |

¿Que teñen en común estes animais? Todos son _____